

Título: Mulleres do mais alá

Sentada nunha cadeira,
escribindo esta canción,
pensando a miña historia,
coa sangue do meu corazón.

Coñecín ao meu amor,
él se chamaba Amador,
e no seu interior,
ocultaba algo peor.

Esta escuridade que dentro agochaba,
levou a que me convertira nunha muller
maltratada,
todo en base de non dar a talla
dunha modelo delgada.

Eh tío dis que o tamaño non importa,
pero a min rexeitasme porque estou gorda,
nunha 32 síntome afogada
con estos pantalóns estou encarcerada.

Sempre ten que haber dor
nunha relación de amor?
mulleres do mais alá **E**
representando nesta canción.

Todo comezou coa distorsión da miña realidade,
facéndome crer que eu era a culpable,
o maltrato psicolóxica deu paso a golpes,
con sentimentos no meu corpo de mil mortes.

E agora aquí estou a 5 m. baixo terra,
e as mulleres do ceo esperando a outra que xa
non berra.

Entre saloucos outra escribe esta historia,
na honra da miña memoria.

Sempre ten que haber dor
nunha relación de amor?
mulleres do mais alá **E**
representando nesta canción.